

ACTO DE PRESENTACIÓN

Informe sobre a dixitalización nos convenios colectivos de sector galegos

22 de xaneiro de 2026

Sala de Xuntas
Facultade de Dereito da USC
Santiago de Compostela

ORGANIZA:

Consello Galego de Relacións Laborais

Información:

981541609
formación.cgrl@xunta.gal

PERSOAS DESTINATARIAS:

- Organizacións empresariais e sindicais
- Graduados/as sociais
- Profesionais e persoas interesadas



Informe sobre a dixitalización nos convenios colectivos de sector galegos



A dixitalización nos convenios colectivos de sector galegos

09:45 APERTURA DE PORTAS

10:00 INAUGURACIÓN

Ana María Gude Fernández
Decana da Facultade de Dereito da USC

Antía Sández Callejo
Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

10:15 MESA I: PRESENTACIÓN DO ESTUDO

Participan en representación do equipo autor:

José María Miranda Boto
Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da USC

Lidia Gil Otero
Profesora Axudante Doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da USC

José Pazó Argibay
Profesor Axudante Doutor de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da USC

11.15 PAUSA CAFÉ

11.45 MESA II: INTERVENCIÓN DOS AXENTES SOCIAIS

Representantes da CIG, UGT-GALICIA, SN de CCOO de Galicia e da CEG

13.00 FINALIZACIÓN DO ACTO



Accede ao estudo completo:



A dixitalización está a introducir transformacións profundas e transversais no mundo do traballo, afectando non só aos sectores tecnolóxicos senón ao conxunto do tecido produtivo e ás distintas formas de organización empresarial, de prestación do traballo e de exercicio dos dereitos laborais.

No ámbito galego, caracterizado por unha notable diversidade sectorial e por especificidades territoriais propias, a dixitalización preséntase como un proceso desigual pero crecente, que xa se manifesta na implantación de novas tecnoloxías, na reorganización do tempo e dos métodos de traballo, no uso intensivo de datos e, máis recentemente, na introdución de sistemas baseados en algoritmos e intelixencia artificial. Cuestións como o teletraballo, o dereito á desconexión dixital, a protección de datos persoais, os sistemas empresariais de control, a formación en competencias dixitais ou a supervisión humana dos algoritmos con impacto laboral teñen ido gañando presenza no debate sociolaboral e, de forma progresiva aínda que desigual, tamén nos textos convencionais. Non obstante, a incorporación destes contidos aos convenios colectivos non sempre se produce de maneira sistemática nin cunha profundidade suficiente, o que fai necesario un análise rigoroso da realidade negocial existente.

O Consello Galego de Relacións Laborais acordou encargar a elaboración do presente informe, co obxectivo de dispoñer dunha análise sistemática e exhaustiva sobre a forma en que a dixitalización está a ser tratada nos convenios colectivos sectoriais vixentes en Galicia. O estudo, elaborado por persoal investigador da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de León, examina a totalidade dos convenios colectivos sectoriais autonómicos e provinciais en vigor na Comunidade Autónoma, identificando contidos, ámbitos materiais e posibles boas prácticas susceptibles de seren trasladadas a outros marcos de negociación.